

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

CENTRO:

CEIP OTERO NOVAS

CONCELLO:

CORTEGADA

CURSO:

2012/2013

DATOS XERAIS DO CENTRO:

CENTRO	CEIP OTERO NOVAS
CÓDIGO DO CENTRO	320152268
NIF DO CENTRO	Q 8255058C
ENDEREZO. Rúa...	BAIXADA AO BALNEARIO S/N
CÓDIGO POSTAL	32200
CONCELLO	CORTEGADA
TELÉFONO	988483117
FAX	988483117
CORREO ELECTRÓNICO	ceip.otero.novas@edu.xunta.es
PÁXINA WEB	http://www.edu.xunta.es/centros/ceipoteronovas/

Número de unidades:

Número de unidades:	E. Inf.	E.Prim.	E.S.O.
Catalogadas	1	2	0
Funcionando	1	2	0

Número de alumnos/as ao inicio do curso:

4° EI	5° EI	6° EI	1° EP	2° EP	3° EP	4° EP	5° EP	6° EP	1° ESO	2° ESO	3° ESO	4° ESO
6	1	2	6	3	6	1	4	5				

Cadro de organización pedagóxica:

Órganos unipersoais:

Cargo	Nome e apelidos	Data última toma de posesión
Dirección	ÁNGEL FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ	1/09/2012
X. de Estudos		
Secretaría		

Coordinacións (ciclos, act. extraescolares, TICs, proxecto lector, abalar,...) e outras responsabilidades (comedor, biblioteca...):

Coordinación/Responsabilidade	Nome e apelidos
INFANTIL	SILVIA MARTÍNEZ ÁLVAREZ
1º,2º, 3º PRIMARIA	MANUEL BORRAJO FERNÁNDEZ
4º, 5º, 6º PRIMARIA	LUCÍA VALADO CRUZ
RESPONSABLE COMEDOR	Mª CARMEN GONZÁLEZ NOVOA
TICs	LUCÍA VALADO CRUZ
Activ. extrescolares	ÁNGEL FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ
ENL	LUCÍA VALADO CRUZ
Dinamización Biblioteca	ÁNGEL FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ
Comisión Coord. Pedagóxica	ÁNGEL FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ
Proxecto Lector	ÁNGEL FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ

Adscrición funcional do profesorado:

Copia da acta do claustro no que se acordou a adscrición do profesorado remitida á inspección educativa con data 9 SETEMBRO 2012

Órgano de participación no control e xestión: O CONSELLO ESCOLAR

Cargo	Nome e apelidos	Data de renovación
Presidente:	ÁNGEL FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ	
X. de estudos		
Repres. Concello:	BEGOÑA ESTÉVEZ FERNÁNDEZ	
Repres. profesorado:		
	ROSA M ^a VÁZQUEZ VÁZQUEZ	
	LUCÍA VALADO CRUZ	
Repres. A.P.A.	MÓNICA PÉREZ VÁZQUEZ	
Repres. Pais/nais	MÓNICA PÉREZ VÁZQUEZ	
	VANESSA GARCÍA ARAÚJO	
Represen. adm./servizos		
Secretario	LUCÍA VALADO CRUZ	

Plano de actuación dos órganos colexiados e de coordinación. Reunións previstas:

Consello Escolar:

1 Reunión por trimestre máis as reunións extraordinarias.

Claustro de Profesores/as:

Unha reunión ao mes máis as extraordinarias.

Comisión de coordinación Pedagóxica:

Unha reunión por mes.

Equipos de ciclo:

Unha reunión por mes.

Equipo de dinamización da lingua galega:

Unha reunión por trimestre.

Equipo de Actividades complementarias e extraescolares:

Unha reunión por trimestre.

HORARIO XERAL DO CENTRO

1. Horario lectivo do centro (ordinario)

Horario lectivo	De mañá	De tarde
Luns	10:10-13:40	15:30-17:00
Martes	10:10-13:40	15:30-17:00
Mércores	10:10-13:40	15:30-17:00
Xoves	10:10-13:40	15:30-17:00
Venres	10:10-13:40	15:30-17:00

2. No seu caso, horario lectivo do centro en setembro e xuño

De 9:45 a 14:30

3. Horario do tempo de lecer

Horario de lecer	E. Infantil	E. Primaria	E.S.O.
	12:10 - 12:40	12:10 - 12:40	

Zonas de atención preferente (no seu caso) e quendas de vixilancia no tempo de lecer

ZONA	LUNS	MARTES	MERCORES	XOVES	VENRES
1	Manuel Borrajo	Ana Belén Sobrino	Ángel Fernández	M ^a Carmen González	Rotan todos os anteriores
Patio Cuberto					
2	Ángel Fernández	Rosa M ^a Vázquez	Lucía Valado	Teresa Francisco	Rotan todos os anteriores
Campo de futbito					
3					

4. Horario de dispoñibilidade para os alumnos/as dos servizos e instalacións do centro (atención temperán, actividades do concello, da anpa...)

Horario servizos	Pola mañá	Pola tarde
------------------	-----------	------------

para o alumnado

De luns a venres de 17h a 19h.

CONCRECIÓN ANUAL DO PROXECTO EDUCATIVO DO CENTRO

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O CURSO ACADÉMICO:

Propostas de mellora incluídas na memoria do curso anterior

DEPARTAMENTO ORIENTACIÓN:

Baseándose na información anteriormente sinalada, resultante do proceso de análise e valoración que o D.O. fixo sobre o deseño, desenvolvemento e avaliación do Plan de Orientación destes centros educativos durante o presente curso escolar, determínanse os seguintes aspectos a ter en conta para o próximo curso:

- Continuar co proceso de consolidación desta estrutura (D.O) na dinámica xeral do centro e dadas as características de mobilidade da xefa do departamento de orientación o devandito proceso poderase realizar a través da difusión dos distintos profesionais, das canles de comunicación co profesorado, do proceso de detección de necesidades, etc.
- Establecer tempo para a coordinación no horario dos diferentes profesionais que interveñen no proceso de ensino-aprendizaxe dos alumnos /as con NEE.
- Continuar coa axeitada habilitación do espazo destinado ó Departamento de Orientación (adquisición de material psicopedagóxico en función das necesidades e características do alumnado, adquisición de arquivadores, etc).
- Procurar, na medida do posible, a realización de certas actividades e programas no marco do Plan de Acción Tutorial que son de interese para o alumnado.
- Levar a cabo un seguemento máis específico dos centros adscritos realizando unha avaliación xeral do alumnado 1º, 3º e 6º (nalgún caso tamén 2º, 4º e 5º por estaren os ciclos xuntos) unha ficha psicopedagóxica individual para cada alumno/a na que se rexistren os datos da avaliación.

1º, 2º e 3º Primaria:

O grao de consecución dos obxetivos programados, o ritmo de traballo dos alumnos e, especialmente, a súa evolución considéranse positivos. Isto non quita que debamos mellorar determinados aspectos. Polo que, o vindeiro ano académico intentarase ampliar a intensidade do contacto coas familias desde o primeiro día, para obter un maior grao de implicación no proceso de ensinanza- aprendizaxe dos seus fillos. Tratando de que sexan conscientes do seu alto grao de responsabilidade nos éxitos académicos dos pequenos.

Isto acadarase cambiando, o método de traballo, deixando un pouco de lado o libro de texto e buscando a realización autónoma de tarefas que resulten significativas para os nenos. Tamén se ten intención de explotar máis os espazos e os recursos cos que se conta, polo que se pretende que as clases poidan discorrer na aula, na biblioteca, nas institucións públicas da localidade... Incidirase na necesidade de que os nenos sexan competentes na súa vida dentro e fora da escola e buscarase que reflexionen sobre o seu modo de aprender.

4º, 5º 6º Primaria:

As dificultades atopadas fan referencia a falta de implicación dalgúns pais na actividade educativa dos nenos o que provoca que moitos alumnos non estuden nin fagan os deberes encomendados para a casa.

En canto a propostas de mellora para o ano que ven me parece imprescindible o cambio de libros de texto aínda que vamos a ter unha dificultade a maiores debido a o agrupamento dos alumnos de 4º, 5º e 6º na mesma aula.

Propoño elixir mellor os contidos máis importantes deixando de lado os menos importantes, obviando a programación que propón o libro de texto e apoiándome máis no meu criterio dando prioridade á adquisición das competencias básicas por encima de contidos propostos por editoriais.

Ed. Infantil:

Para o próximo curso convén ter en conta que entran 6 nenos e nenas de tres anos e unha deles vai estar escolarizada con n.e.e o equipo de orientación específico así como a orientadora do noso centro aconsellan a escolarización nun centro ordinario nunca aula de infantil con apoio, tamén solicitan un mestre de PT, outro de AL e unha coidadora e dita alumna debe estar inscrita no programa de Alerta Escolar do Sergas, dada a problemática que presenta.

O grao de consecución dos obxetivos programados, o ritmo de traballo dos alumnos e, especialmente, a súa evolución considéranse especialmente positivos.

Como proposta de mellora intentaremos acadar unha maior implicación das familias no proceso de aprendizaxe, que colaboren máis nos proxectos que vaian xurdindo dos intereses dos nenos e nenas, nas actividades tipo libros viaxeiros, etc

Obxectivos	Medidas para a súa consecución
<p>Actualización de aqueles documentos que falten.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Fomentar o traballo en equipo do profesorado. - Avaliar tódalas actividades levadas a cabo no centro. - Potenciar o uso do galego no centro. - Educar o alumnado en normas, valores e hábitos. - Tentar involucrar a ANPA na realización de actividades do Centro. -Incrementar o uso didáctico das Novas Tecnoloxías na aula. - Dinamizar a utilización da Biblioteca do Centro. - Diseñar campañas de captación de alumnado. 	<ul style="list-style-type: none"> - Elaboración dos Plans necesarios para o bo funcionamento.(plan de dinamización da biblioteca, plan de dinamización de TICS, Plan de Autoprotección do Centro, Plan de convivencia) - Reunión dos equipos e órganos de coordinación docente (según datas fixadas). - Realización de reflexións e valoracións grupais unha vez rematada calquer actividade. - Traballo conxunto co Equipo de Normalización Lingüística. - Elaborar e participar no "Proxecto de Uso e Fomento da lingua Galega" - Elaboración dun decálogo de normas e valores comúns para as escolas. - Inclusión nas programacións de aula días adicados a: O día da auga, do medio ambiente, da árbore... - Excursións conxuntas, convivencias, xuntanzas... - Formación do profesorado no uso didáctico das TICS.(encerado dixital, uso do ordenador na aula...) - Creación dun grupo de profesores/as dinamizadores de TICS. - Nombrar un coordinador ou coordinadora de TICS. - Actualización da Web. - Difusión de experiencias no blogue. - Creación dun grupo de profesores/as dinamizadores da biblioteca. - Nombrar un coordinador ou coordinadora de Biblioteca. - Continuar coa dotación de fondos. - Funcionamento da Biblioteca en préstamo, consulta e disfrute. - Ampliación do uso da biblioteca a outros sectores da comunidade escolar. - Elaboración de campañas de animación á lectura. - Difusión das actividades no blogue. - Difusión de actividades do centro no blogue, medios de comunicación, carteis, - Elaboración de folletos informativos sobre a realidade do centro. - Reparto de folletos ás familias e as garderías do entorno. - Xornadas de "Portas abertas". - "Boca a Boca" das familias.

Recursos previstos

- Recursos humanos: implicación de tódolos membros da comunidade educativa.
- Recursos do entorno: naturais, ambientais, culturais...
- Recursos económicos: Dotación da Consellería e axuda do Concello.
- Recursos tecnolóxicos: Ordenadores, pizarra dixital en cada aula.
- Biblioteca.

GUÍA DE INTERVENCIÓN PARA A MELLORA ELABORADA A PARTIR DA ANÁLISE DOS RESULTADOS DA AVALIACIÓN DE DIAGNÓSTICO

Realizada a análise de resultados da avaliación de Diagnóstico do curso 4º de Primaria observamos que o estado do Centro en comparación cos centros da contorna está nun lugar medio-baixo. Os resultados en canto a lingua oral e escrita son realmente baixos e preocupantes, sendo os resultados na área de Coñecemento do Medio moito mellores.

A análise de ditos resultados implica que debemos replantexarnos o xeito de traballar cos alumnos e as súas familias e debemos buscar as causas para tratar de atallar esta situación negativa.

Se ben, debemos destacar que o grupo de 4º estaba formado tan só por 5 nenos, dos cales dous eran repetidores, e 3 recibían apoio, polo que xeralizar os seus resultados a todo Centro é un pouco arriscado. De todos os xeitos cremos que é necesaria unha reflexión e tomar medidas de mellora.

A continuación propoñemos medidas de mellora, tal e como se establece no artigo 19 da Resolución do 30 de nov. de 2011.

- Realizar primeiro unha análise global do estado do Centro, percepción por parte dos alumnos, pais e mestres do mesmo, observar carencias e dificultades.
- Incidir no aspecto disciplinario e de comportamento. Hábitos de conducta, etc.
- Participar en Proxectos e Plans que nos axuden a arranxar o problemas que temos no Centro: Contrato-Programa, Plan de Mellora da Biblioteca, Contratos de Conduta, Charlas a pais.
- Desenvolver un Plan Lector que afecte a todos os alumnos e familias do Centro co fin de mellorar a comprensión Lectora e por tanto en todas as áreas.
- Paliar as carencias en Matemáticas, lingua e Coñecemento do medio usando novas metodoloxías e recursos.
- Organizar actividades cos pais para que se integren na vida do centro.
- Presentar aos alumnos distintos modelos de avaliación para que encaren as vindeiras probas cun maior coñecemento da proba de diagnóstico.
- Organizar e promover actividades estimulantes cara a lectura e a escritura, tales coma contacontos, concursos de relatos, obradoiros de contos, lectura de tebeos e libros, etc.

PLAN DE ACTUACIÓN DO EQUIPO DIRECTIVO

A falta dun Proxecto de Dirección, que será presentado para o curso 2012/2013, propoño os seguintes aspectos nos que teño pensado actuar:

- ÁMBITO EDUCATIVO PEDAGÓXICO.
- ÁMBITO ORGANIZATIVO E XESTIÓN.
- ÁMBITO DE PARTICIPACIÓN E RELACIÓNS.
- ÁMBITO DE INSTALACIÓNS E RECURSOS.

EDUCATIVO-PEDAGÓXICO:

- Revisión e actualización dos documentos existentes no centro: PEC, PCC, RRI, Plan de Convivencia..., e adaptación ás necesidades do centro.
- Cooperación entre o profesorado.
- Potenciación do uso da lingua galega.
- Insistencia en educar ó alumnado en actitudes, normas e valores.
- Avaliación de tódalas actividades levadas a cabo no centro educativo.

ORGANIZATIVO E DE XESTIÓN

Posto que o noso Centro posúe un Equipo directivo sun só membro, propoño delegar tarefas nos meus compañeiros, sempre que as acepten voluntariamente e co coñecemento da miña responsabilidade sobre todas as accións que de mi dependan. O obxectivo é integrar máis ao Claustro nas accións e toma de decisións do Centro, acadar sempre que sexa posible consenso e involucrar o máximo posible a todos os compañeiros.

PARTICIPACIÓN E RELACIÓNS CO ENTORNO.

-Relacións co Concello: debido a crise na que estamos inmersos tentaremos facer máis fluídas as relacións co Concello utilizando coma foro o Consello Escolar e as entrevistas que sexan necesarias para manter en bo estado as relacións, as insatalacións a elaboración de actividades dentro do Centro, etc.

- Achegamento ó entorno: queremos conseguir que a comunidade educativa, sobre todo os pais, se involucren na vida do Centro, xa que se ten detectado certa pasividade e indiferenza cara o Centro por parte dos pais. Tentaremos achegalos mediante diversas accións destinadas a que os pais participen con nós de actividades lúdicas ata pedagóxicas.

- Se no pasado curso o obxectivo cos pais era botar a andar a ANPA, este ano será consolidala. Para elo estremos en contacto permanente á hora de tomar decisións que afecten ao Centro, para realizar actividades, excursións, festas, actuacións, sorteos, actividades lúdicas educativas etc. Para axudar a que a ANPA recade fondos doarase a cesta de Nadal do Centro para que sexa sorteada pola ANPA. Os cartos irán destinados a sufragar os gastos das actividades anteriormente citadas. ademáis existirá unha cuota que pagan os pais anual para gastos da ANPA.

- Potenciar a participación en actividades externas ó centro, (propostas polo concello, biblioteca municipal, outras institucións...

- Encomendar ó alumnado funcións de participación a nivel de centro. (rutinas, pequenas responsabilidades, implicación no coidado do entorno...

INSTALACIÓNS E RECURSOS

- Procurar que as instalacións do centro estén en condicións de seguridade, barreiras arquitectónicas, armonía e estética, que non poñan en perigo a integridade física do neno/a.

- Estar pendiente dos pequenos arranxos que sexan necesarios para poñelo en coñecemento da entidade pertinente.

- Cumplir sempre todos os requisitos de seguridade dacordo coa lexislación vixente de todos os espazos e recursos do Centro.

- Renovar si é preciso o equipamento didáctico.

- Optimizar os recursos da calefacción pechando o pasillo con dúas portas que reteñan mellor a calor que se escapa polas escaleiras e o piso de arriba.

- Utilizar o diñeiro sobrante destas obras para mellorar a infraestrutura.

- Acabar de pintar o Colexio.

ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NEAE

OBXECTIVOS XERAIS:

1. Contribuír á personalización da educación, ou sexa, tratar de acadar todos os aspectos da personalidade do alumno/a, e isto acadarémolo na medida que teñamos en conta os seus intereses, capacidades e motivacións. (Plan de acción tutorial).

2. Previr as dificultades da aprendizaxe e non asistilas só cando xa se produciron, anticipándose a elas e evitando na medida do posible fenómenos indesexables coma o fracaso, a inadaptación e o absentismo escolar.

3. Axustar a resposta educativa ás necesidades particulares do alumnado, mediante as oportunas adaptacións curriculares e metodolóxicas, axeitando a escola aos alumnos/as e non os alumnos/as á escola.(Atención á diversidade).

4. Promover accións orientadoras en todos os ciclos e niveis, asegurando a orientación educativa a todos os alumnos/as desde un punto de vista persoal, escolar e profesional.

5. Favorecer os procesos de madureza persoal, de desenvolvemento da propia identidade e sistemas de valores, así coma os aspectos necesarios para unha axeitada e continua toma de decisións primeiro de carácter escolar e máis adiante profesional. (Competencia en autonomía e iniciativa persoal).
6. Destacar os aspectos orientadores da educación a través da " Orientación na vida e para a vida "atendendo ao contexto real dos alumnos/as ao futuro que poidan proxectar para sí mesmos, isto lograrémolo na medida que se potencien e favorezan as aprendizaxes funcionais.
7. Asegurar a continuidade educativa a través das distintas áreas, ciclos, etapas e no seu caso, transicións de Primaria a Secundaria.
8. Contribuír á axeitada relación e interacción entre os distintos integrantes da comunidade educativa: profesores, alumnos e familias, así coma entre a comunidade educativa e o entorno social, asumindo papeis de mediación e se fai falla de negociación entre os conflitos e problemas que poidan plantearse entre estes integrantes. (Promoción da convivencia e a resolución pacífica de conflitos).
9. Contribuír a toda clase de factores de innovación e de calidade que redunden nunha mellor educación,e nunha educación orientadora e no apoio técnico á oferta educativa. (Plan de Mellora da Calidade Educativa).

CRITERIOS PARA ESTABLECER OS APOIOS

- 1.- Atenderase de forma preferente ó alumnado que determine o informe psicopedagóxico correspondente.
- 2.- Atenderase ao alumnado obxecto dunha adaptación curricular.
- 3.- Continuarase, se é o caso, cos apoios realizados no curso anterior, priorizando dos cursos inferiores aos superiores.
- 4.- En Educación Infantil só se apoiará en casos de gravidade e determinados no correspondente informe.
- 5.- Atenderase primeiro aos alumnos con reforzo educativo que repitan curso que aos que non.
- 6.- Buscarase máis un apoio de calidade que de cantidade.
- 7.- O apoio levarase a cabo dentro da aula ordinaria ou fóra dela, segundo as necesidades do alumnado de cada centro remitidas previamente ao D.O.
- 8.- Os apoios dirixiranse preferentemente á adquisición das aprendizaxes instrumentais de Linguaxe e Matemáticas, de conformidade coa adaptación curricular elaborada polo titor ou mestre de cada unha destas áreas, ou o programa de intervención efectuado polo Departamento de Orientación, en coordinación co mestre de apoio.
- 9.- Os apoios impartiranse preferentemente durante as áreas de Linguaxe, Matemáticas ou Coñecemento do Medio, e non en E. Física, Plástica e Música.
- 10.- Os pais dos alumnos susceptibles de reforzo serán informados das medidas que se van adoptar e dos obxectivos que se pretenden acadar. Facerase por parte dos titores unha ficha de seguimento dos reforzos.
- 11.- Os apoios que se fagan dentro ou fóra da aula ordinaria polos especialistas de PT ou AL ou calquera outro Mestre que os imparta, requirirán alomenos dunha sesión mensual de coordinación entre especialista, titor e orientador.

ESTRATEGIAS ORGANIZATIVAS:

METODOLOXÍA.

O comenzo do meu traballo, terá como punto de partida as avaliacións realizadas nos cursos anteriores. O traballo da orientadora ademais de ser preventivo, ha de ter unha continuidade, pois o funcionamento do Departamento de Orientación ten como obxectivo prioritario mellorar a calidade do ensino nas etapas educativas procedentes.

Para poder levar a cabo unha boa intervención educativa así como orientativa, quero facer fincapé na miña intención de manter unha avaliación continuada alomenos no remate de cada ciclo a aqueles alumnos/as

que pertencendo aos distintos centros abrangue este departamento sempre que sexa posible ao longo do curso, sen que este feito solape as avaliacións xa establecidas pola normativa vixente para o presente curso. Avaliación que se levará a cabo dun xeito confidencial previa nota informativa aos titores/as de aula así coma aos pais ou titores legais dos alumnos/as

e sen que este feito supoña unha saturación do devandito alumnado.

Esta avaliación continuada permitirá avaliar as n.e.e. dos alumn@s, así coma favorecer unha mellor intervención psicopedagóxica no caso de detectar calquera incidencia que se poida dar.

Toda avaliación, implicará a intervención directa co alumnado e a aplicación daquelas probas psicopedagóxicas nos casos concretos que sexa aconsellable para poder elaborar un diagnóstico o máis exhaustivo posible da situación evolutiva e curricular de cada alumno. Tendo en conta que canto antes se detecte calquera situación, máis doado será poder prever ou intervir satisfactoriamente segundo as circunstancias que se presenten.

Dadas as características desta programación, a metodoloxía a empregar na posta en práctica da mesma haberá de ser o máis práctica, participativa, motivadora, dialogal e dinámica posible para así favorecer o proceso de sensibilización e participación de todos os membros da comunidade educativa.

A orientadora actuará en todo momento como facilitadora e asesora da acción orientadora. O departamento de orientación será o encargado de deseñar e supervisar coordinando a posta en práctica das diferentes actuacións neste plan mencionadas.

Deberá así mesmo establecer unhas estratexias e técnicas de intervención apropiadas e acordes a cada etapa e momento educativo, así a orientadora manterá ao longo do curso unha serie de reunións que contribuirán a organizar e estruturar as diferentes actuacións:

1. Reunións a principios de curso a través das cales se iniciará o proceso de sensibilización hacia todo o que conleva o proceso orientador.

2. Reunións periódicas de Departamento para coordinar, temporalizar e estruturar o labor do profesorado en xeral e dos titores en particular.

3.- Reunións de coordinación coa orientadora do IES "O Ribeiro" (por tratarse do centro que recibe a meirande parte do alumnado da zona), cos correspondientes orientadores/as dos Centros Adscritos para favorecer a transición do alumnado da etapa de Primaria a Secundaria. Realizaranse varias reunións por curso en datas a determinar, coincidindo aproximadamente unha por trimestre, sen prexuízo de que se poidan intensificar no 2º ou 3º por motivos pedagóxicos. Nelas, acordaranse, entre outros aspectos, o tipo de probas que se aplicarán aos alumnos/as que cursan 6º de Ed. Primaria de cara ao inicio da etapa de Ed. Secundaria Obrigatoria orientadas á acadar unha mellora da calidade educativa.

4. Reunións cos titores para establecer e organizar pautas de traballo.

5. Delimitación e distribución de responsabilidades.

6. Entrevistas individuais con: profesores, alumnos/as e pais/nais.

7. Entrevistas con diferentes institucións do entorno (servicios sociais).

8. Uso de diferentes e diversas técnicas de dinámica de grupos (mellora da autoestima).

9. Asistencia, coordinación e promoción a cursos de formación no centro.

10. Busca e recopilación de diversos materiais.

ADDENDA DO PROXECTO LINGÜÍSTICO (segundo o art. 14.4 do Decreto 79/2010):

Resultado da pregunta ós pais en torno á lingua materna predonimante:

Ed. Infantil: 100% lingua galega.

Ed Primaria: 94% lingua galega, 6% lingua castelá.

Materias impartidas en lingua estranxeira segundo autorización da administración educativa:

PROGRAMAS E ACTIVIDADES PARA O FOMENTO E DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

OBXECTIVOS PARA A O FOMENTO E DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA:

- Dar a coñece-las actividades que se levarán a cabo ó longo do curso e o resultado das mesmas a través de fotos, vídeos e comentarios.
- Potencia-la comunicación en lingua galega a través das novas tecnoloxías.
- Reflectir mediante os traballos dos alumnos o resultado das actividades que se levaron a cabo ó longo do curso, festas e celebracións.
- Coñecer algunha publicación existente no noso idioma. Fomenta-la lectura de publicacións no noso idioma.
- Achega-los cambios que xurdan sobre a lingua para facilitar un correcto uso da mesma.
- Dar a coñecer e gozar deste modo de entretemento e diversión na nosa lingua.
- Completa-la dotación de recursos do centro.
- Impulsa-lo emprego do galego a través debuxos e lemas na nosa lingua.
- Fomenta-lo uso do galego nas mensaxes festivas.
- Potencia-lo emprego da lingua a través da convivencia con outros centros e empregando diferentes modos de comunicación.
- Coñece-lo entorno do centro. Amplia-lo vocabulario aproveitando os elementos do medio que visitamos.
- Dar a coñecer a nosa lingua e a literatura a través de un escritor, debuxante...
- Divulga-la cultura galega a través do nomeamento da aula.
- Achegar a literatura ós nenos a través de diferentes modos. Levar a cabo actividades lúdicas de entretemento en galego.
- Participar nas actividades programadas polo concello. Esperta-la creatividade do alumnado.
- Valora-lo idioma galego como lingua viva. Coñece-lo labor do autor homenaxeado cara á lingua. Impulsa-la aprendizaxe do galego de xeito lúdico.
- Dar a coñece-las festas populares galegas. Participar das festas tradicionais.

ACTIVIDADES PREVISTAS POLO E.NL. DO CEIP OTERO NOVAS:

1. PÁXINA WEB.

Obxectivos: Dar a coñece-las actividades que se levarán a cabo ó longo do curso e o resultado das mesmas a través de fotos, vídeos e comentarios.

Potencia-la comunicación en lingua galega a través das novas tecnoloxías.

Responsables: O E.N.L., TIC e contando coas achegas do resto do profesorado e alumnado.

Destinatarios: Toda a comunidade educativa

Temporización: Durante todo o curso e de xeito periódico informarse de tódolos aspectos de interese para a comunidade educativa.

A través da páxina infórmase a toda a comunidade das actividades e resultados das mesmas.

Co correo electrónico preténdese establecer unha comunicación (en principio só co Claustro de Mestres) rápida e fluída cos membros da comunidade, remitindo un resumo dos acordos chegados nas reunións, achegas ós traballos que se levan a cabo.

2. TEATRO

Obxectivos: Achegar aos nenos a representación dunha obra de teatro en galego para que aprecien tanto a parte literaria como a parte lúdica deste tipo de representacións.

Responsables: O E.N.L.

Destinatarios: Alumnado e profesorado do centro.

Temporización: 3º trimestre. Días das Letras Galegas.

3. INFORMACIÓN SOBRE A LINGUA

Obxectivos: Achega-los cambios que xurdan sobre a lingua para facilitar un correcto uso do idioma.

Responsables: O E.N.L.

Destinatarios: Alumnado e profesorado do centro.
Temporización: Todo o curso.

4. PROXECIÓN DE AUDIOVISUAIS EN GALEGO

Obxectivos: Dar a coñecer e gozar deste modo de entretemento e diversión na nosa lingua.
Responsables: O E.N.L., TIC e profesorado.
Destinatarios: Alumnado do centro.
Temporización: Ó longo do ano.

5. MATERIAL BIBLIOGRÁFICO E AUDIOVISUAL.

Obxectivos: Completa-la dotación de recursos do centro
Responsables: O E.N.L. con achegas do resto do profesorado e alumnado
Destinatarios: Toda a comunidade educativa
Temporización: Todo o curso

Parte do traballo deste ano é seguir contribuíndo á dotación de material bibliográfico, fonográfico audiovisual e interactivo en galego.

En relación ós libros, seguiremos aumentando a dotación de literatura infantil e xuvenil, dicionarios, libros de sociolingüística e historia da lingua.

Continuaremos facendo partícipe dos festivais e celebracións á música galega, abríndolle un novo camiño de difusión; conseguindo discos en galego de tódolos estilos.

O vídeo é outro medio importante de normalizar o galego na aula, aínda que é máis complicado atopar variedade audiovisual no noso idioma, tentaremos adquirir material deste tipo.

Procurarase introducir as novas tecnoloxías en galego, tanto páxinas da Internet como material interactivo, identificando deste xeito o galego nos medios actuais.

6. POSTAIS DE NADAL

Obxectivos: Fomenta-lo uso do galego nas mensaxes festivas.
Responsables: A ANPA en colaboración co E.N.L. e o Centro.
Destinatarios: Tódolos alumnos
Temporización: 1º trimestre
O centro participa no concurso de postais de Nadal, con mensaxes en galego, proposto pola ANPA.

7. XORNADA DE CONVIVENCIA ENTRE CENTROS

Obxectivos: Potencia-lo emprego da lingua a través da convivencia con outros centros e empregando diferentes modos de comunicación.

Responsables: O E.N.L., departamento das TIC, Lingua e Ed. Artística

Destinatarios: O alumnado de Educación Infantil dos colexios de Cortegada, de Crecente, As Neves e de Padrenda.

Temporización: 3º trimestre.

Ó longo do ano levarase a cabo unha xornada de convivencia entre os catro centros para estreitar relacións entre as comunidades educativas, que os rapaces se coñezan e para coñecer o seu centro e localidade.

Establécense como actividades as seguintes:

- Xogos populares de interacción e xogo libre.
- Reciclaxe.
- Cancións.
- Contacontos.
- Obradoiros.

9. DÍA DAS LETRAS GALEGAS.

Obxectivos: Valora-lo idioma galego como lingua viva. Coñece-la labor do autor homenaxeado cara á lingua. Impulsa-la aprendizaxe do galego de xeito lúdico.

Responsables: O E.N.L., responsable das TICs, e todo o profesorado.

Destinatarios: Tódolos nenos do centro.

Temporización: No mes de maio.

Festexaremos o día das Letras Galegas cun Festival en homenaxe a autor que sexa elixido no 2012 e que contará con diversas actuacións musicais, teatrais, lectura de poemas do autor, etc.

10. COLABORACIÓN NOS DIAS DE...

Obxectivos: Dar a coñecer-las festas populares galegas. Participar das festas tradicionais.

Responsables: O E.N.D.L., mestres de Ed. Artística, responsable das TICs, Biblioteca...

Destinatarios: Tódolos alumnos.

Temporización: Ó longo de todo o curso.

Ó longo do curso levaranse a cabo varias celebracións como: Magosto (novembro), A Constitución Española e o Estatuto de Autonomía, e Día dos Dereitos Humanos (decembro), o Día da Paz (xaneiro), Entroido (febreiro), Día do Libro (abril), Día das Letras Galegas (maio), Día do Medio Ambiente (xuño).

Os membros do E.N.L. elaborarán e buscarán material para facilitar o traballo nestes días, así como a realización de murais alusivos a cada un dos temas de festas populares, costumes e celebracións do entorno.

SAMAÍN:

Facilitarase material como Unidade Didáctica, e a historia desta festa para traballar por ciclos. Haberá un concurso de Cabazas, de debuxos terroríficos, lectura de contos de medo na Biblioteca e degustación dun menú de Samaín, ademais da proxección dunha película relacionada co Samaín-Halloween.

MAGOSTO:

Recompilación de receitas deste tempo, coa castaña como protagonista, para elaborar un libro de receitas. Concurso de pratos de outono para pais e nenos, canción do Magosto e celebración de xogos populares e degustación de Castañas.

ENTROIDO:

Como xa é costume no centro, celebrarase un Entroido tradicional e "ecolóxico", é dicir, a temática será tradicional, e tentaranse empregar materiais que os nenos xa teñen na casa (roupa, complementos, etc), sen necesidade de mercar nada máis.

DÍA DO LIBRO

A homenaxe ó libro que se celebra nestas datas (23 de abril) será aproveitado polo E.N.D.L. para animar á lectura en xeral, e á lectura en galego en particular; participando e propoñendo actividades para ese día.

Seleccionar libros na nosa lingua.

Facer o debuxo dunha árbore e as follas que sexan a portada do libro que máis lle guste ós nenos

PROGRAMA ANUAL ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

O Equipo de Actividades Extraescolares e Complementarias do CEIP Otero Novas de Cortegada, organiza as diferentes actividades que serán levadas a cabo durante o curso 2012-2013 .

Estes serán os obxectivos xerais que se pretenden conquistar durante a realización das actividades previstas e que se concretan nos seguintes:

- Fomentar as relacións entre os diferentes membros da comunidade educativa e as diferentes institucións e organización do seu entorno máis próximo.
- Dinamizar a participación familiar coa intención de que as familias sintan a necesidade de participar na actividade rutinaria do centro.
- Relacionar aos nenos do noso centro con outros nenos para que sexan deste xeito conscentes da existencia de outros centros con outras características distintas ás do noso.
- Espertar entre o noso alumnado o interese e a curiosidade para coñecer da mellor maneira posible as diferentes partes e características esenciais do seu entorno.
- Coñecer os beneficios das actividades do lecer e o tempo libre para a saúde corporal e psíquica de toda a comunidade educativa.
- Implicar á ANPA dun xeito efectivo dentro da vida do CEIP partindo de actividades lúdicas coma as actividades extraescolares.

Por outra banda, dende este equipo organizouse o calendario de actividades complementarias e extraescolares a desenrolar durante o presente curso, e que serán divididas entre as actividades que se levan a cabo dentro do centro e as saídas que se realizan ao longo do mesmo.

Durante o curso escolar 2012-2013 levaranse a cabo unha serie de actividades que terán coma obxectivo a convivencia dos alumnos, dos mestres do centro e nalgúns casos dos pais, o traballo entorno a contidos curriculares e temas transversais que xogan un papel fundamental na vida deste centro e na formación dos alumnos.

As actividades a desenvolver ao longo deste curso serán:

- Samaín 2012.(Concurso de cabazas, debuxos e relatos)
- Agosto 2012
- Excursión ao cine de Leiro no mes de Decembro.
- Participación no Festival de Nadal
- Celebración do día da Paz
- Celebración do Entroido
- Celebración do día do Pai
- Celebración do día da Nai
- Excursión no 2º Trimestre por confirmar.
- Excursión no 3º trimestre por confirmar.
- Participación no programa de deporte escolar "Xogade" conxuntamente con outros centros educativos da comarca do Ribeiro
- Celebración do día das Letras Galegas 2013
- Participación no Festival Das Letras Galegas e de Fin de Curso.

No primeiro, segundo e terceiro trimestre a entrega de notas farase directamente aos pais. Non haberá clase para os nenos o día da entrega de notas e o transporte recollerá aos pais que desexen acudir ao centro para recoller as notas.

Esta é unha medida que levaba facendo anos atrás co fin de ter polo menos unha reunión cos pais por trimestre, xa que senón non teriamos contacto directo con moitos deles e isto é extremadamente importante.

OUTROS PROGRAMAS ESPECÍFICOS NOS QUE PARTICIPA O CENTRO (Abalar, plurilingüismo, seccións bilingües, bibliotecas escolares, escolas viaxeiras...)

PROXECTO EXPERIMENTAL DE ACOMPAÑAMENTO EN INGLÉS. 2 grupos: 1º, 2º e 3º de Primaria e 4º, 5º, 6º de Primaria. 2h semanais cada grupo. Mestra: Lucía Valado Cruz.

FORMACIÓN DO PROFESORADO. PARTICIPACIÓN EN PROGRAMAS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA

MODALIDADES DE FORMACIÓN	NºPROFES.	NºHORAS
Grupos de traballo:		
Seminarios:		
Prox.investigación:		
Proxectos europeos: P.I.A.L.E.	1	200
Licenzas por estudos:		
Cursos especialización: CALC B1, LECTOESCRITURA NA ERA DIXITAL.	2	120, 25

Prox. Formación Centros:		
Prox. Innovación:P.I.A.L.E		200
Outros:		

PLAN PARA A POTENCIACIÓN DAS RELACIÓNS COAS FAMILIAS

Perseguido o obxectivo:” Implicar as familias na educación dos seus fillos/as”,

Proponse unhas liñas de actuación para potenciar as relacións coas familias:

Liñas de actuación:

- Reunión a principio de curso coa totalidade do profesorado e as familias para presentacións e posta en marcha do curso.
- Reunións periódicas coas familias (individuais, en grupo, informativas, entrevistas...) cos titores/as.
- Reunións puntuais para a programación e colaboración nas distintas actividades (magosto, nadal, entroido...).
- Pór en coñecemento das familias as deficiencias, problemas, necesidades para que se fagan conscientes delas.
- Información trimestral e por escrito da evolución académica do seu fillo/a.
- Promoción da ANPA no centro.
- Colaboración das familias co centro na oferta de actividades extraescolares .
- Apertura do centro a calquera suxestión, demanda por parte das familias.

PLAN DE ACTIVIDADES PROPOSTAS POLA ANPA

A ANPA do CEIP Otero Novas ten unha serie de actividades propostas para este ano:

- Animación da Festa do Entroido.
- Xogos populares e festa de fin de curso.
- Sorteo dunha Cesta de Nadal.
- Excusión de fin de curso.
- Elaboración dun chándal do Colexio.
- Organización de charlas e cursos para pais.

LIBROS DE TEXTO E DEMAIS MATERIAIS CURRICULARES ESTABLECIDOS NO CENTRO

Educación Infantil

3 anos ♦ Proyecto Contoaventura,

editorial: Everest Galicia, 1º trimestre Educación Infantil	ISBN: 978-84-403-1006-4	Galego	
3 anos ♦ Proyecto Contoaventura, editorial: Everest Galicia, 2º trimestre Educación Infantil	ISBN: 978-84-403-1007-1	Galego	
3 anos A aventura dos números 1, editorial: Everest Galicia, Educación Infantil	ISBN: 978-84-403-1030-9	Galego	
3 anos ♦ INGLÉS: Oxford Playschool Starter Classbook C. Selby		9780194734066	Inglés
Educación Infantil			
4 anos ♦ A aventura dos números 2, editorial : Everest Galicia, Educación Infantil	ISBN: 978-84-403-1031-6	Galego	
4 anos ♦ A aventura dos números 3, editorial : Everest Galicia, Educación Infantil	ISBN: 978-84-403-1032-3	Galego	
4 anos ♦ A aventura dos números 4, editorial : Everest Galicia, Galego Educación Infantil	ISBN: 978-84-403-1033-0		
4 anos O país das letras 2, editorial: Tambre Edelvives, Caderno escritura, pauta montessori Galego Educación Infantil	ISBN: 978-84-263-5779-3		
4 anos O país das letras 3, editorial: Tambre Edelvives, Caderno escritura, pauta montessori Educación Infantil	ISBN: 978-84-263-5780-9	Galego	
4 anos O país das letras 4, editorial: Tambre Edelvives, Caderno escritura, pauta montessori Educación Infantil	ISBN: 978-84-263-5781-6	Galego	
Educación Infantil			
5 anos ♦ A aventura dos números 5, editorial : Everest Galicia, Educación Infantil	ISBN:978-84-403-1034-7	Galego	
5 anos ♦ A aventura dos números 6, editorial : Everest Galicia, Educación Infantil	ISBN: 978-84-403-1035-4	Galego	
5 anos ♦ A aventura dos números 7, editorial : Everest Galicia, Educación Infantil	ISBN: 978-84-403-1036-1	Galego	
5 anos O país das letras 4, editorial: Tambre Edelvives, Caderno escritura, pauta montessori Galego	ISBN: 978-84-263-5781-6		

Educación Infantil

5 anos O país das letras 5, editorial: Tambre Edelvives,
Caderno escritura, pauta montessori ISBN: 978-84-263-5782-3 Galego
Educación Infantil

5 anos O país das letras 6, editorial: Tambre Edelvives,
Caderno escritura, pauta montessori ISBN: 978-84-263-5783-0 Galego

1º de ED. PRIMARIA Matemáticas Matemáticas, CONECTA CON PUPI. Blanca Ferrándiz e outras.
Grupo Editorial SM. 2010 978-84-675-4-652-1 Castelán

1º de ED. PRIMARIA Matemáticas 3 cadernos de Matemáticas, CONECTA CON PUPI. Miriam Peña.
Grupo Editorial SM. 2010 978-84-675-4519-7 Castelán

1º de ED. PRIMARIA Lengua Lengua Castellana Nivel Lector Básico, CONECTA CON PUPI. María
Menéndez-Ponte e outras. Grupo Editorial SM. 2010 978- 84-675-4641-5
Castelán

1º de ED. PRIMARIA Lingua Lingua Galega, CONECTA CON PUPI. María Menéndez-Ponte e
outras. Grupo Editorial SM XERME. 2010 978-84-985-4287-5 Galego

1º de ED. PRIMARIA Coñecemento Coñecemento do Medio, CONECTA CON PUPI. P. Vacas, P.
Menéndez E Begoña Oro. Grupo Editorial SM XERME. 2010 978-84-675-4602-6 Galego

1º de ED. PRIMARIA Coñecemento Caderno de Coñecemento: OBSERVAR E EXPERIMENTAR.
CONECTA CON PUPI. Rosa Martín. Grupo Editorial SM XERME. 2010 978-84-985-4271-4 Galego

1º de ED. PRIMARIA Lectura en galego LÚA 1. O AVIÓN DE PAPEL.
EDITORIAL VIVENS VIVES, 2004 84-316-7631-0 Galego

1º de ED. PRIMARIA Lectura en castelán EL ARCA DE LOS CUENTOS 1.
EDITORIAL VIVENS VIVES, 2008 978-84-316-3533-6 Castelán

1º de ED. PRIMARIA Relixión Católica Relixión Católica, EDITORIAL RODEIRA-EDEBÉ, 2004 84-
8116-696-2 galego

1º de ED. PRIMARIA Plástica MALETÍN COMPLETO SAPIENS,
EDITORIAL SAPIENS, 2008 978-84-15268-215 Castelán

2º de ED. PRIMARIA Matemáticas Matemáticas, CONECTA CON PUPI. Blanca Ferrándiz e
outras. Grupo Editorial SM. 2010 978-84-675-4653-8 Castelán

2º de ED. PRIMARIA Matemáticas 3 Cadernos de Matemáticas, CONECTA CON PUPI. Miriam
Peña. Grupo Editorial SM. 2010 978-84-675-4648-4 Castelán

2º de ED. PRIMARIA Lengua Lengua Castellana, CONECTA CON PUPI. María Menéndez Ponte e outras.
Grupo Editorial SM. 2010 978-84-675-4643-9 Castelán

2º de ED. PRIMARIA Lingua Lingua Galega, CONECTA CON PUPI. María Menéndez Ponte e outras.
Grupo Editorial SM XERME. 2010 978-84-9854-288-2 Galego

2º de ED. PRIMARIA Coñecemento Coñecemento do Medio, CONECTA CON PUPI. Pilar Vacas, Pilar
Menéndez e Begoña Oro. Grupo Editorial SM XERME. 2010 978-84-985-4277-6 Galego

2º de ED. PRIMARIA Coñecemento Caderno de Coñecemento: OBSERVAR E EXPERIMENTAR.
CONECTA CON PUPI. Rosa Martín. Grupo Editorial SM XERME. 2010 978-84-9854-273-8 Galego

2º de ED. PRIMARIA Lectura en galego LÚA 2. O AVIÓN DE PAPEL.
EDITORIAL VIVENS VIVES, 2008 978-84-316-7518-9 Galego

2º de ED. PRIMARIA Lectura en castelán EL ARCA DE LOS CUENTOS 2.
EDITORIAL VIVENS VIVES, 2008 978-84-316-3534-6 Castelán

2º de ED. PRIMARIA Inglés SURPRISE 2 CLASS BOOK + MULTIROM,
V. REILLY, 2007 978-01-944-0946-9 Inglés

2º de ED. PRIMARIA Inglés SURPRISE 2 ACTIVITY BOOK, V. REILLY, 2007 978-01-944-0807-3
Inglés

2º de ED. PRIMARIA Relixión Católica Relixión Católica,
EDITORIAL RODEIRA-EDEBÉ, 2004 84-8116-973-0 Galego

2º de ED. PRIMARIA Plástica MALETÍN COMPLETO SAPIENS,
EDITORIAL SAPIENS, 2012 978-84-96618-83-1 Castelán

3º de ED. PRIMARIA Matemáticas Matemáticas, CONECTA 2.0 -12(trimestres) Ferrándiz e outras.
Grupo Editorial SM. 2012 978-84-67553888 Castelán

3º de ED. PRIMARIA Lengua Lengua Castellana CONECTA 2.0-12(trimestres) Grupo Editorial SM. 2012
9788467553925
Castelán

3º de ED. PRIMARIA Lingua Lingua Galega, CONECTA 2.0-12(trimestres) Grupo Editorial SM. 2012
9788498543384 Galego

3ºde ED. PRIMARIA Coñecemento Coñecemento do Medio, CONECTA 2.0-12 (trimestres) Grupo
Editorial SM. 2012 9788498543421 Galego

3º de ED. PRIMARIA Inglés SURPRISE 3 CLASS BOOK + MULTIROM, V. REILLY, 2007
9780194409476 Inglés

3º de ED. PRIMARIA PlásticaMALETÍN COMPLETO SAPIENS,
EDITORIAL SAPIENS, 2008 978-84-15268-239 Castelán

3º de ED. PRIMARIA Inglés SURPRISE 3 ACTIVITY BOOK , V. REILLY, 2007 9780194408080
Inglés

3º de ED. PRIMARIA Relixión Católica Relixión Católica, EDITORIAL RODEIRA-EDEBÉ,
978848349334-2 galego

4º de ED. PRIMARIA Matemáticas Matemáticas, CONECTA 2.0 -12(trimestres) Ferrándiz e outras.
Grupo Editorial SM. 2012 978-88467554571 Castelán

4º de ED. PRIMARIA Lengua Lengua Castellana CONECTA 2-12(trimestres) Grupo Editorial SM. 2012
9788467554625 Castelán

4º de ED. PRIMARIA Lingua Lingua Galega, CONECTA 2-12(trimestres) Grupo Editorial SM. 2012
97884985443445 Galego

4ºde ED. PRIMARIA Coñecemento Coñecemento do Medio, CONECTA 2-12 (trimestres) Grupo
Editorial SM. 2012 9788498543493 Galego

4º de ED. PRIMARIA Inglés SURPRISE 4CLASS BOOK + MULTIROM, V. REILLY, 2007
9780194409483 Inglés

4ºde ED. PRIMARIA Inglés SURPRISE 3 ACTIVITY BOOK , V. REILLY, 2007 9780194408097
Inglés

4º de ED. PRIMARIA Relixión Católica Relixión Católica, EDITORIAL RODEIRA-EDEBÉ, 2005
96352-37-4 galego

5º de ED. PRIMARIA Matemáticas Matemáticas EDB 978-84-236-9311-5 Castelán

5º de ED. PRIMARIA Lengua Abre la puerta, Anaya, Carmen Bello, Tomás Bernal, Carlos Lluva, y otros,
2009
(LIBRO DE 6º CURSO PRIMARIA) 84-236-7789-3 Castelán

5º de ED. PRIMARIA Lingua Abre a porta, Anaya, Equipo Carabeiro, 2009
(LIBRO 6º CURSO PRIMARIA) 978-84-667-8070-4 Galego

5ºde ED. PRIMARIA Coñecemento Imos indo, Rodeira, equipo rodeira 978-84-8349-222-2
Galego

5º de ED. PRIMARIA Inglés Surprise 6 Class Book+ Multi Room
(LIBRO DE 6º CURSOS PRIMARIA) 9780194409506 Inglés

5º de ED. PRIMARIA Inglés Surprise 6 Activity Book+ Study Skills Booklet
(LIBRO DE 6º CURSO PRIMARIA) 9780194409384 Castelán

5º de ED. PRIMARIA Relixión Católica Relixión Católica, EDITORIAL RODEIRA-EDEBÉ, 2009 978-
84-8349-025-9 galego

6º de ED. PRIMARIA Matemáticas Matemáticas EDB 978-84-236-9-330-6 Castelán

6º de ED. PRIMARIA Lengua Abre la puerta, Anaya, Carmen Bello, Tomás Bernal, Carlos Lluva, y otros,
2009
84-236-7789-3 Castelán

6º de ED. PRIMARIA Lingua Abre a porta, Anaya, Carmen Bello, Tomás Bernal, Carlos Lluva y otros 978-
84-667-8070-4 Galego

6ºde ED. PRIMARIA Coñecemento Imos indo, Rodeira, equipo rodeira 978-84-667-8070-4
Galego

6ºde ED. PRIMARIA E.cidadania Imos Indo, Rodeira 2009 978-84-8349-232-1 Galego

5º de ED. PRIMARIA Inglés Surprise 6 Class Book+ Multi Room
9780194409506 Inglés

6º de ED. PRIMARIA Inglés Surprise 6 Activity Book+ Study Skills Booklet
9780194409384 Castelán

COMEDOR ESCOLAR

Datos xerais

Tipo de comedor (A,B,C,D,E..)	A
Tipo de xestión (Xestión propia, catering, etc.)	Xestión Propia
Alumnos que fan uso do servizo	33
Alumnos que reciben axuda	32
Importe da axuda	100%
Achega das familias	
Alumnos sen axuda	1
Importe da achega destes alumnos	100%
Outros comensais	7 mestres, 1 coidadora e 2 colaboradores
Total comensais	43

Persoal que intervén no servizo

Encargado/a	M ^a Carmen González Novoa
Empresa de catering	
Persoal laboral:	
Cociñeira:	Mercedes Blanco Álvarez
Axudante:	

Persoal colaborador:M^a del Pilar Iglesias Vázquez.Ana M^a Ojea Serrano.**Regulamento do comedor:**

O regulamento do Comedor Escolar do CEIP Otero Novas segue o Decreto 10/2007, do 25 de xaneiro polo que se regula o funcionamento dos comedores escolares e a Orde do 21 de febreiro de 2007, ademáis da Orde do 13 de xuño de 2008, no que se dan instrucións máis concretas e actualizadas do devandito servizo.

TRANSPORTE ESCOLAR. DATOS BÁSICOS

Ruta nº	Alumnos	Quilómetros	Tempo	Empresa
1	5	7.5		ANPIAN
2	4	9.9		ANPIAN
3	7	3.4		ANPIAN
4	1	4.3		AUTOS GZLEZ.
5	3	6		TAXI RAÚL RIVERA
6	3	2		TAXI RAÚL RIVERA

PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO. Criterios para o uso das Instalacións Escolares por parte de entidades ou persoas alleas á Comunidade Educativa.

Facer unha petición por escrito por parte da entidade ou persona, sen ánimo de lucro, para o uso das instalacións escolares do centro.

2º.- Aprobación polo Consello Escolar.

3º.- Comunicación e visto bo da Inspección educativa ou a Xefatura Territorial segundo corresponda.

4º.- Comunicación da Resolución aos Interesados.

5º.- Compromiso asinado por parte do interesado/os, de coidado, orde, responsabilidade das instalacións.

PLAN DE AUTOPROTECCIÓN

Vixente desde en proceso de elaboración

Revisarase no 5º claustro do presente curso (1º, 2º...)

Prevese a realización dun simulacro durante o curso actual? non

ORZAMENTO

RECURSOS PREVISTOS DA CONSELLERÍA PARA O ANO ACTUAL	
Primeiro envío	4674
Segundo envío	3505
Terceiro envío	2100+ 4405(obras colexio)
OUTROS RECURSOS	
Remanente de exercicios anteriores	9.415,77
TOTAL INGRESOS	14684
TOTAL GASTOS ata o 1 de setembro	9983,37
REMANENTE ATA FIN DE ANO	6188,34

PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO:

¿QUE AVALIAMOS?

- O Funcionamento do centro.
- Se o análise da situación inicial foi a acertada.
se os obxectivos fixados eran realistas e oportunos.
se o seguimento avaliativo é o desexable.
- A posta en práctica:
 - O plan de actuación deseñado se foi eficaz.
 - Os Plans desenvolvidos (Tics, Biblioteca, Normalización Lingüística...
 - Outras actuacións non incluídas inicialmente.
 - Os recursos dispoñibles.
 - As relacións coas institucións do entorno, familias.
 - O grado de consecución dos obxectivos.

¿QUEN AVALÍA?

- A directora
- O claustro
- O consello escolar.

¿COMO AVALIAMOS?

- A directora elaborará informes específicos de avaliación do seu traballo, poñendo de manifesto os logros e as dificultades.
- O claustro avaliará recollendo información. periodicamente deberán "apuntar" problemas, dificultades, logros...

¿CANDO AVALIAMOS?

- Inicialmente: trátase de coñecer o punto de partida
- No momento da posta en práctica do plan de actuación.
- En sesións extraordinarias específicas: anualmente

¿QUE FACEMOS COAS CONCLUSIÓNS?

- Serven de fundamento para facer unha planificación axustada ás necesidades da realidade existente.
- Permítenos reaxustar a planificación.
- Determinan obxectivamente, cualitativamente e cuantitativamente os progresos e logros.
- Propoñemos medidas de mellora, na Memoria de final de curso.

ANEXOS:

- **Revisado o proxecto lector do centro no 4º claustro do curso, remitirase á inspección educativa como anexo desta PXA.**
- **Revisado o plan de integración das TIC no 5º claustro do curso, remitirase á inspección educativa como anexo desta PXA.**

Esta Programación Xeral Anual foi elaborada polo equipo directivo do centro tendo en conta as propostas formuladas polo Consello Escolar do centro e a información previa do Claustro de Profesores e remitida á Inspección con data